



### CURSO 2002-2003

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA PARA O CURSO ACADÉMICO 2002/2003 NAS FACULTADES, ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES, E ESCOLAS UNIVERSITARIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### NORMAS PRELIMINARES

#### PRIMEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Os alumnos que desexen iniciar ou continuar estudos que conduzan á obtención dun título universitario oficial ou dunha titulación propia, na Universidade de Santiago de Compostela, deberán formalizala matrícula consonte ó establecido nesta convocatoria.

#### SEGUNDA.- CLASES DE MATRÍCULA

1. A matrícula en estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais ou propios, só se poderá realizar en réxime de matrícula ordinaria, segundo os requisitos que establece esta convocatoria.
2. Asemade poderá formalizarse matrícula extraordinaria ó abeiro da *Resolución rectoral do 12 de novembro de 1998 (DOG do 14 de xaneiro de 1999)* polo que se acorda refundi-las Normas de Xestión Académica.

### MATRÍCULA ORDINARIA

#### TERCEIRA.- ALUMNOS QUE PODEN FORMALIZA-LA MATRÍCULA

Poderán formalizala matrícula, nos prazos que se establecen no **Anexo I**, apartado primeiro, desta convocatoria, os seguintes alumnos:

##### 3.1. Alumnos que inicien estudos en titulacións oficiais e validez no territorio nacional

Aqueles alumnos que pretendan iniciar estudos para obtención de títulos oficiais en calquera dos Centros da Universidade de Santiago de Compostela, e que estean habilitados porque teñen superadas as Probas de Aptitude, ou COU, ou ben posúen algún dos títulos que dan acceso a ditos estudos e que figuran relacionados no **Anexo III** desta convocatoria.

##### 3.2. Alumnos que inicien estudos en titulacións propias da Universidade de Santiago de Compostela

Aqueles alumnos que pretendan iniciar estudos para a obtención dunha titulación propia da Universidade e que estean en posesión do título que lles dea acceso á mesma e que figuran relacionados no **Anexo IV** desta convocatoria

##### 3.3. Continuación de estudos

- a) Aqueles alumnos que pretendan continua-los estudos na mesma titulación na que estiveron matriculados no curso 2001/2002 ou anteriores.
- b) Os que sexan admitidos para continua-los estudos iniciados noutras universidades, sempre que reúnan as condicións establecidas no *Real Decreto 69/2000 do 21 de xaneiro (BOE do 22)*, e nas *Normas de Xestión Académica*
- c) Aqueles alumnos que teñan iniciado estudos estranxeiros e que lles fora resolta favorablemente a validación parcial para a continuación dos mesmos, segundo establece o *Decreto 1676/1969 do 24 de xullo*, o *Acordo do Consello de Universidades feito público no Anexo ó Real Decreto 1267/94 do 10 de xuño (BOE do 11 de xuño)* o *Real Decreto 69/2000 do 21 de xaneiro (BOE do 22)* e a *Resolución Rectoral do 18 de maio de 1994*



**NORMAS DE APLICACIÓN XERAL**

**CUARTA.- FORMA DE INSCRIPCIÓN**

**4.1. Alumnos que inicien estudos en titulacións reformadas**

Os alumnos que inicien estudos no primeiro curso de titulacións reformadas, deberán formaliza-la matrícula, como mínimo:

- a) En sesenta créditos entre as materias troncais, obrigatorias e optativas das que orientativamente estean adscritas ó primeiro curso de cada titulación.
- b) Da totalidade dos créditos no suposto de que o primeiro curso estea configurado orientativamente con menos créditos.
- c) Ou do número de créditos que o plano de estudos establece para o primeiro curso como carga lectiva, excluindo os créditos de libre elección.

Esta limitación non é de aplicación nos seguintes casos:

- a) Alumnos que accedan ós segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso. No caso das titulacións propias de segundo ciclo non será de aplicación esta alínea, agás resolución expresa ó respecto. Neste caso os alumnos deberán matricularse no primeiro curso do segundo ciclo do número de créditos que se establece como carga lectiva para este curso.
- b) Alumnos ós que lles fora recoñecida adaptación ou validación.

**4.2. Alumnos que inicien estudos en titulacións non reformados (planos vellos)**

O alumnado que se atope nesta situación deberá matricularse en tódalas materias do primeiro curso, agás se lles fora recoñecida adaptación ou validación; neste suposto, poderán formalizar matrícula nos mesmos termos que os alumnos que continúen estudos.

**4.3. Alumnos que continúen estudos**

Os alumnos que desexen continuar estudos, xa sexa en planos de estudos renovados ou non, poderán formaliza-la matrícula en calquera materia do plano de estudos de acordo coa ordenación temporal que o mesmo estableza, sempre que non incorran nalgún suposto de impedimento de matrícula dos establecidos no apartado sétimo.

**4.4. Matrícula en materias de libre elección**

Os alumnos que tendo solicitado matrícula en materias de libre elección lles foi estimada deberán formaliza-la matrícula das mesmas, xunto coas demais materias que pretenda cursar e que se regulan nesta convocatoria, nos prazos que se determina na propia convocatoria de materias de libre elección.

**4.5. Matrícula nas prácticas en empresas ou traballos académicamente dirixidos convocadas polos centros.**

Os alumnos seleccionados para a realización das prácticas en empresas ou traballos académicamente dirixidos ó abeiro das convocatorias que realicen os centros deberán matricularse deles nas datas que estableza a respectiva convocatoria.

**4.6. Alumnos de Convenios Interuniversitarios de Cooperación**

**4.6.1- Alumnos da Universidade de Santiago.-** Os estudantes que ó abeiro dun programa interuniversitario de cooperación, cursen total ou parcialmente o curso académico 2002/2003 noutra universidade, deben formaliza-la matrícula nos estudos que estea a cursar nesta Universidade nos termos que estableza o convenio interuniversitario.

A matrícula destes alumnos rexerese por esta convocatoria, pola *Resolución do 17 de xullo de 1991* e polo seu convenio regulador.

**4.6.2- Alumnos de universidades estranxeiras.-** Os alumnos de universidades estranxeiras que no curso 2002-2003 realicen estudos na USC ó amparo dun convenio interuniversitario de cooperación, de-



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

berán formalizar matrícula nos termos que estableza o seu convenio regulador. Estes alumnos serán considerados como alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

A matrícula deste alumnos rexerese pola presente convocatoria, pola *Resolución do 17 de outubro de 1989 e polo seu convenio regulador*.

**4.6.3.- Verificación de matrícula.**- As Unidades de Xestión Académica poderán solicita-la Proposta Académica pola que os alumnos realizan o intercambio, ós Coordinadores ou á Oficina de Relacións exteriores da USC, para a comprobación da matrícula.

## **4.7. Alumnos participantes no Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España (SICUE)**

### **4.7.1- Requisitos**

Para poder participar neste intercambio os estudantes deberán ter superado na Universidade de orixe un mínimo de 60 créditos en: Diplomaturas, Enxeñerías Técnicas e Arquitectura Técnica e 120 créditos en: licenciaturas, Enxeñerías Superiores e Arquitectura.

As universidades participantes serán aquelas que teñan establecido o correspondente acordo bilateral coa Universidade de Santiago de Compostela.

### **4.7.2 Alumnos da Universidade de Santiago**

Os alumnos desta universidade que, ó abeiro do SICUE, cursen total ou parcialmente o curso académico 2002/2003 noutra universidade española coa que hai subscrito o correspondente acordo bilateral deben formaliza-la matrícula nos estudos que estan cursando e nos termos que establezan os Acordos Académicos e as Propostas de Mobilidade de cada estudante.

O Acordo Académico que ten carácter de contrato vinculante para tódalas partes (estudiante, centro do USC e centro de destino) poderá ser modificado no prazo dun mes a partir da incorporación do estudante ó centro de destino. Terá a consideración de data de incorporación aquela que coincida co inicio do curso ou do período de docencia das materias incluídas no Acordo Académico.

Non poderán incluírse no Acordo Académico para matricular polo sistema SICUE as materias cualificadas con suspenso nos estudos que está a cursar na USC. Non obstante, poderá matricularse destas materias na USC e cursalas fora do programa SICUE.

Os coordinadores de SICUE enviarán unha copia do Acordo Académico realizado polos alumnos de cada centro ás Unidades de Xestión Académica que xestionan as correspondentes titulacións, co obxecto de verifica-la matrícula que formalizaron os estudantes participantes neste programa de mobilidade.

### **4.7.3 Alumnos doutras universidades españolas**

Os alumnos doutras Universidades que, ó abeiro do SICUE cursen total ou parcialmente o curso académico 2002/2003 na USC formalizarán a matrícula nos estudos establecidos nos respectivos Acordos Académicos e nas Propostas de Mobilidade.

O Acordo Académico, que ten carácter de contrato vinculante para tódalas partes (estudiante, centro de orixe e centro de destino), poderá ser modificado no prazo dun mes a partir da incorporación do estudante á USC. Terá a consideración de data de incorporación aquela que coincida co inicio do curso ou do período de docencia das materias incluídas no Acordo Académico.

A matrícula destes alumnos non reportará prezos públicos na USC agás nos centros nos que deban aboar prezos públicos por docencia (adscritos) ou os que no seu caso teñan establecido os centros.

## **QUINTA.- ALUMNOS QUE PRETENDAN INICIAR ESTUDIOS NO PRIMEIRO CURSO DE CENTROS CON LÍMITE DE PRAZAS.**

**5.1 .** Os alumnos que, reunindo calquera dos títulos enumerados no Anexo III, desexen iniciar estudos nas titulacións con limitación de prazas, deberán ter solicitado, previamente, o ingreso nas mesmas.

**5.2.** A solicitude de ingreso regúlase polas normas establecidas pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

**5.3.** As convocatorias para a formalización de matrícula en titulacións con límite de prazas axustaranse ós prazos que estableza a CIUG.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 5.4. Os alumnos que formalicen matrícula en calquera titulación, con ou sen límite de prazas, non poderán concorrer ás posibles prazas vacantes que puideran xurdir en titulacións con límite de prazas.
- 5.5. Aqueles alumnos que, tendo solicitado o ingreso no primeiro curso en titulacións con límite de prazas, non fosen convocados en ningunha titulación das solicitadas, ou séndoo, desexen realizar estudos dos que non están sometidos a limitación de prazas, poderán formalizar matrícula nos prazos establecidos con carácter xeral ou ben no prazo que se estableza ó final do proceso de ingreso en titulacións con límite de prazas, sempre que este rematase despois do prazo xeral de matrícula.
- 5.6. As resolucións da CIUG que convoquen á formalización de matrícula, non presumen o ingreso na titulación solicitada, debendo acreditar no momento da matrícula o título que recoñece o acceso á Universidade .
- 5.7. As reclamacións e recursos interpostos contra o proceso de ingreso en titulacións con límite de prazas, serán resoltas pola CIUG e asinadas polo Delegado do Rector na devandita comisión, producindo os mesmos efectos que as resolucións rectorais.
- 5.8. A validación de estudos universitarios nacionais non é título suficiente para o ingreso en titulacións con limitación de prazas, e a validación de estudos universitarios estranxeiros só é título de ingreso na Universidade nos termos do apartado 3.3.c desta convocatoria.
- 5.9. Cando queden prazas vacantes nalgunha titulación e non figurasen solicitantes por ningunha das colas establecidas polo Real Decreto 69/2000 do 21 de xaneiro (BOE do 22), poderán cubri-las prazas os alumnos que así o soliciten, segundo o procedemento que estableza a Universidade .
- 5.10. Os alumnos matriculados na USC que despois dos exames da convocatoria de setembro do curso 2001/2002 non reúnan os requisitos para continuar os mesmos estudos, poderán solicita-lo ingreso en titulacións con límite de prazas nos prazos específicos que se establezan.  
A resolución das peticións realizarase segundo o apartado 2.3 das Normas de Xestión Académica e non detraerán prazas en ningún suposto.

## **SEXTA.- IMPEDIMENTOS PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

### **6.1 . Limitación de convocatorias por materia**

Os alumnos que en setembro de 1975, ou ben despois desta data, se matricularon nunha materia ou varias materias por primeira vez, e teñen esgotadas tódalas convocatorias que regulamentariamente lle corresponden, non poderán formalizar matrícula nestas materias pero si noutras nas que non teñan esgotadas as convocatorias.

Independentemente da normativa que sexa de aplicación sobre o límite de convocatorias, no caso de que a un estudante lle resten un máximo de 30 créditos ou tres materias (en plans non estruturados en créditos) para finalizar os estudos poderá solicitar a exención ó dito límite.

### **6.2. Imposibilidade legal de nova inscrición no primeiro curso**

6.2.1.- O estudante que inicia estudos nunha carreira deberá superar unha materia troncal ou obrigatoria no primeiro curso. Se non cumpre este requisito poderá volver a matricularse e deberá superar un mínimo de 30 créditos troncais e obrigatorios do primeiro curso. En caso contrario non poderá continuar os mesmos estudos no curso académico seguinte na mesma titulación.

6.2.2.- No caso de que volva a matricularse por terceira vez deberá superar os 30 créditos antes indicados de primeiro curso. Se non cumpre ese requisito non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Santiago de Compostela.



Os alumnos de planos non estruturados en créditos entenderase que deberán superar o 50% do primeiro curso.

### 6.3. Impedimentos establecidos nos planos de estudio

- a) **Prerrequisitos.**- Non se poderá formaliza-la matrícula nas materias que, conforme os planos de estudio, teñan establecidas materias prerrequisito, de non terse matriculado previa ou simultaneamente nesta última.
- b) **Acceso ós segundos ciclos.**- Non se poderá formaliza-la matrícula en ningunha materia do segundo ciclo de non reuni-los requisitos establecidos nos planos de estudos para o acceso ó segundo ciclo excepto naquelas materias que lle sexan adaptadas ou validadas e pertencen a este segundo ciclo. Estes alumnos poderían formalizar matrícula nas materias do segundo ciclo e para o segundo cuatrimestre nas condicións da norma 7.2.

### 6.4. Materias sen docencia

- a) **De planos en proceso de extinción.**- Nas materias das que non se imparta docencia, soamente poderán matricularse os alumnos que estean a cursar estudos polo dito plano, xa sexan repetidores ou formalicen matrícula por primeira vez, e aqueles que, procedentes doutras Universidades, sexan admitidos de acordo co establecido no apartado 2.3.4. das Normas de Xestión Académica.
- b) **De planos renovados.**- Nas materias optativas que tiveran docencia no curso 2001/2002 ou anteriores e non se imparta docencia no curso 2002/2003, só poderán matricularse os alumnos que estiveron matriculados no período no que se impartiu docencia da materia.

### 6.5. Matrícula en titulacións en proceso de extinción

Non procederá a matrícula para alumnos de novo ingreso nas titulacións en proceso de extinción, agás que tralos procesos de validación ou adaptación, resulte que teñan superados materias que estean extintas. Para continuación de estudos rexerá o disposto para a admisión de trasladados.

Os alumnos adaptados a un novo plano de estudos non poderán, en ningún caso, matricularse de materias do plano de procedencia.

Non será de aplicación o parágrafo anterior para os alumnos autorizados a matricularse, mediante *resolución rectoral*, para facilitarlle-la conclusión dos estudos dos planos en proceso de extinción segundo a *alínea 42.3 das Normas de Xestión Académica*.

En ningún caso procederá a matrícula en materias de planos extinguidos e polo tanto tampouco estes alumnos poderán facer uso dos Convenios entre as tres universidades para cursar materias dos planos extinguidos.

### 6.6. Libre configuración curricular

Os alumnos que se matriculen por primeira vez nunha titulación non poden solicitar nin cursar materias, seminarios ou actividades académicas para seren imputados como de libre configuración curricular. Non obstante, poderán solicita-lo recoñecemento ou validación de créditos para a libre configuración curricular de materias, seminarios ou actividades académicas se os tivesen realizado en anos anteriores. Este recoñecemento ou validación non se terá en conta ós efectos de cumprí-los requisitos da alínea 6.2 desta convocatoria.

**Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:**

- a) Alumnos que formalicen matrícula no primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo, sexan estas titulacións oficiais ou titulacións propias.
- b) Alumnos que accedan ós segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.
- c) Alumnos ós que lles foi recoñecida adaptación ou validación de estudos.

## SÉTIMA.- MATRÍCULA NO SEGUNDO CUATRIMESTRE EN TITULACIÓNS OFICIAIS

7.1. Poderán formalizar esta matrícula os alumnos que trala realización dos exames do primeiro cuatrimestre, convocatoria extraordinaria ou fin de carreira superen unha titulación ou primeiro ciclo que lles dea



acceso a unha titulación de só segundo ciclo ou a outros segundos ciclos diferentes. Poderán matricularse en materias anuais ou do segundo cuadrimestre coas seguintes limitacións:

- 7.1.1. Se o segundo ciclo estivera sometido a límite de prazas e estas foran todas cubertas nos prazos ordinarios non poderán formalizar matrícula.
- 7.1.2. Se o segundo ciclo tivera límite de prazas e quedasen vacantes traio procedemento ordinario, previamente á matrícula deberá solicitalo, tramitándose esta segundo o establecido para o ingreso nos segundos ciclos.
- 7.1.3. No caso de estudantes doutras universidades abriase, de xeito simultáneo, un prazo de solicitudes de traslado.

## **7.2. Tamén poderán formalizar matrícula no segundo cuadrimestre**

Os estudantes que no momento da matrícula ordinaria non se puideron matricular de materias de segundo ciclo por non reunir os requisitos de acceso que establece o seu plano de estudos, ou calquera outro que se determine por resolución rectoral. Estes alumnos só se poderán matricular de materias que se impartan no segundo cuadrimestre.

## **OITAVA.- MATRÍCULA FIN DE CARREIRA**

### **8.1 Requisitos planos sen renovar (vellos)**

8.1.2.- Poderán realiza-la matrícula para concorrer ós exames "fin de carreira" os alumnos que ó inicio do curso 2002/2003, lles resten como máximo tres materias para concluí-los seus estudos, aínda que non estiveran matriculados con anterioridade nas ditas materias.

8.1.3.- A matrícula deberá realizarse da totalidade das materias que lle resten os estudantes para a conclusión dos estudos.

### **8.2 Requisitos planos renovados**

8.2.1.- Poderán realiza-la matrícula para concorrer ós exames fin de carreira os alumnos de planos renovados que para finaliza-los estudos lles quede un número de créditos inferior ó 50% da carga lectiva vinculada ó último curso da titulación. Se non figura a carga lectiva por curso e si por ciclo esta dividirse polo número de anos do ciclo, o 50 % do resultado será o número máximo de créditos que poden quedarlle ó alumno para concorrer a estes exames. Este requisito deberá entenderse só respecto dos créditos que establece o plano de estudos para a obtención da titulación.

8.2.2 Nesta convocatoria, os alumnos non poderán matricularse de materias que non foran obxecto de matrícula en convocatorias ordinarias de cursos anteriores. A matrícula deberá realizarse da totalidade das materias ou créditos que resten para a conclusión dos estudos, coas salvedades establecidas

### **8.3 Materias ou créditos que non se deben computar para inscribirse na convocatoria fin de carreira**

Non se computarán, a estes efectos, aquelas materias ou créditos que o alumno matricule en exceso para a obtención da titulación. Neste caso, o alumno deberá indicar en que materias das matriculadas pretende inscribirse na convocatoria de fin de carreira.

### **8.4 Titulacións con proxectos ou traballos fin de carreira**

Os alumnos de titulacións nas que se esixa ter tódalas materias do plano de estudos aprobadas para a realización do proxecto ou traballo fin de carreira non terán que matricular previamente o proxecto ou traballo fin de carreira para poder presentarse á convocatoria fin de carreira. Para o cómputo do número de créditos non se contarán ós do traballo ou proxecto fin de carreira agás nos casos que para realizalo non se precise ter superadas tódalas materias do plano de estudos.

**As Estadías en Farmacia** (prácticas tuteladas) teñen o mesmo tratamento que os proxectos fin de carreira ós efectos da matrícula de fin de carreira.

### **8.5 Matrícula fin de carreira e a libre configuración curricular.**

Cando o estudante se matricule de tódalas materias que lle quedan para finaliza-los estudos e ademais está realizando prácticas en empresas, seminarios ou actividades académicas para a libre configuración



curricular permitirase a matrícula na Convocatoria Fin de Carreira, sempre que quede xustificada esta circunstancia e que o número de créditos que globalmente lle falte por cursar ó estudante para poder matricularse nesta convocatoria estea comprendida no sinalado na alínea 8.2.1

## **8.6. Exclusiones da matrícula Fin de Carreira**

8.6.1 Non se pode formalizar matrícula nesta convocatoria nas seguintes materias ou actividades académicas: Os prácticum, as Estadías en Farmacia, os traballos académicamente dirixidos e as materias que esixan a superación das prácticas para poder aproba-la materia. No caso de que a organización destas actividades académicas que realizan os centros sexan compatibles coa presentación ós exames de fin de carreira os alumnos poderán inscribirse na mesma se reúnen os requisitos que a tales efectos establezan os centros.

8.6.2. Os/as alumno/as que se matriculen de materias ou créditos con posterioridade á realización do depósito do título non poderán concorrer á Convocatoria Fin de carreira. Tampouco poderán facelo os alumnos que teñan superado as materias e créditos que establece o plano de estudos para a obtención da titulación.

## **8.7 . Procedemento e prazos de matrícula**

O alumno que desexe concorrer á convocatoria de exames de fin de carreira, deberá formaliza-la inscrición nos seguintes prazos:

**Tódolos planos:** no momento en que formalice a matrícula ordinaria, sendo o prazo de solicitude o mesmo que para a esta matrícula.

En todo caso estes alumnos poderán acollerse o procedemento de modificación desta inscrición ata o **30 de novembro**.

Se o alumno esgotara as dúas convocatorias a que lle dá dereito a matrícula entre a convocatoria extraordinaria de exames de fin de carreira e a primeira convocatoria ordinaria, poderá formaliza-la matrícula "fin de carreira" para concorrer á convocatoria de setembro nos prazos que se establecen no Anexo I. Os "Non presentado" non esgota a convocatoria.

## **NOVENA.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE EXAMES PARA PLANOS NON RENOVADOS**

### **9.1. Réxime transitorio para alumnos de planos non renovados**

Os alumnos que estean a cursar estudos por planos non renovados e matriculados en materias das que sexan repetidores, poderán concorrer a un máximo de tres materias na convocatoria extraordinaria de exames.

### **9.2. Inscrición para a convocatoria extraordinaria de exames**

Os alumnos que formalizaran matrícula nos prazos establecidos e reúnan os requisitos, se desexan concorrer á convocatoria extraordinaria de exames, deberán formalizar inscrición nos prazos ordinarios de matrícula segundo establece o Anexo I. Esta inscrición é incompatible coa extraordinaria de fin de carreira.

### **9.3. Non presentación a exame**

Os alumnos que teñan formalizada a solicitude para participar nos exames da convocatoria extraordinaria e non a fagan poderán concorrer ás convocatorias ordinarias do curso.

## **DÉCIMA.- MATRICULA EN DÚAS TITULACIÓNS OFICIAIS**

10.1. En aplicación das Normas de Xestión Académica, a autorización de simultaneidade de estudos farase mediante dífexencia no expediente do alumno polo Xefe da Unidade de Xestión Académica correspondente, no que se faga constar que reúne os requisitos de simultaneidade.



10.2. De solicitarse a simultaneidade entre dúas Universidades, o expediente resolverase por Resolución Rectoral.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS**

- 11.1. A solicitude e maillo procedemento na resolución das peticións de adaptación e validación regularase ó abeiro do disposto no *Acordo do Consello de Universidades, feito público no Anexo ó Real Decreto 1267/94 do 10 de xuño (BOE do 11)*, nas *Normas de Xestión Académica* e demais instrucións que dicte o Rectorado para adaptación dos procedementos así como o establecido nesta convocatoria.
- 11.2. A solicitude de validación e adaptación das materias que figuren no *Libro de Adaptacións e Validacións da USC*, aprobado por *acordo da Xunta de Goberno do 11 de febreiro de 1999*, e maila *Resolución Rectoral do 16 de maio de 2001* polo que se actualiza o mesmo, resolveranse no momento que o solicite o alumno, quedando matriculados das materias validadas sen envia-la petición a informe do centro, salvo no caso das materias que non figuren no libro. Para as materias que non figuren no libro a tramitación fa-rase segundo a normativa que é de aplicación.
- 11.3. As adaptacións e validacións deberán solicitarse nos prazos de matrícula establecidos no Anexo I, agás as do Libro de Adaptacións e Validacións que se tramitarán no momento en que o solicite o alumno.
- 11.4. Os alumnos convocados para o ingreso en titulacións con límite de prazos ou pola resolución de admi-sión de trasladados, logo de finalizado o prazo xeral de matrícula, poderán solicita-la validación ou adapta-ción de materias nas datas nas que son convocados. No caso de que as materias figuren no libro de adaptacións e validacións da USC actuarase de acordo ó establecido no parágrafo 11.3.
- 11.5. Nas notificacións das resolucións de validación ou adaptación enviadas ós alumnos, concederanse un prazo de dez días para modifica-la matrícula, de se-lo caso, á vista da resolución de validación ou adap-tación. O alumno deberá formaliza-la matrícula neste prazo, con independencia da presentación ou non do recurso potestativo de reposición contra a resolución de validación ou adaptación. Esta modificación de matrícula en ningún caso supón a posibilidade da anulación total da mesma. Asemade non se admitirá a ampliación de matrícula en materias que tivesen realizado a primeira convocatoria ordinaria de exame. Cando as validacións ou adaptacións sexan das materias que figuren no libro de validacións e adapta-cións da USC o alumno non disporá de ningún prazo para a modificación da matrícula posto que neste caso pode formalizar matrícula sen esperar resolución xa que coñece cales son as materias que se adaptan ou validan.
- 11.6. Se nas solicitudes de adaptación ou validación que presentan os estudantes hai materias que figuren no libro de Validacións e Adaptacións e outras non o procedemento e os prazos de modificación de ma-trícula serán as correspondan ás materias en función de se figuren ou non no citado libro.
- 11.7. No caso de que as adaptacións ou validacións reporten prezos públicos os efectos comezarán dende que se acredite o pagamento correspondente.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PREZOS DE MATRÍCULA**

##### **12.1. Pagamento de prezos públicos por servizos académicos universitarios en titulacións oficiais**

Os alumnos que formalicen matrícula en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos ofi-ciais de licenciado, Enxeñeiro, Diplomado ou Enxeñeiro Técnico reportarán os prezos de matrícula que establece para o curso 2002/2003 o *Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* polos seguintes conceptos:

- 12.1.1. Por formalización de matrícula en materias de planos de estudio conducentes a titulacións ofi-ciais.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 12.1.2. Por apertura do expediente académico nos supostos que se establecen no parágrafo 12.3.
- 12.1.3. Polo expedición e mantemento da tarxeta de identidade nos supostos que se establecen no parágrafo 12.4.
- 12.1.4. Ademais dos prezos públicos, será obrigatorio reporta-lo importe do Seguro Escolar segundo os requisitos do mesmo. O seguro escolar reintegrarase unha soa vez por curso académico, independentemente do número de titulacións nas que se matricule o alumno ou que estas pertencen a primeiro, segundo ou terceiro ciclo

## **12.2. Prezos públicos por matrícula**

A liquidación de prezos por matrícula para a continuación de estudos realizarase consonte as regras que estableza o Decreto da Xunta de Galicia, regulador dos prezos públicos por servizos académicos universitarios, e as instrucións de interpretación que ó respecto faga a Universidade de Santiago

## **12.3. Prezos públicos por apertura do expediente académico**

Os prezos públicos por apertura do expediente académico aboaranse nos seguintes supostos:

- 12.3.1. Pola apertura de expediente académico ó comeza-los estudos nunha titulación. No caso de acceso a titulacións de segundos ciclos, ou de acceso a segundos ciclos que non sexan continuación directa dun primeiro ciclo tamén se aboarán estes prezos .
- 12.3.2. Traslados dende outra Universidade, excepto no caso de continuar a titulación previamente iniciada na Universidade.

## **12.4. Prezos públicos pola expedición e mantemento da tarxeta de Identidade**

Este importe aboarase pola matrícula que se efectúe na Universidade de Santiago. Aboarase unha sóa vez, aínda que o alumno se matricule en máis dunha titulación de primeiro, segundo ou terceiro ciclo.

## **12.5. Formas de pagamento dos prezos públicos de matrícula.**

- 12.5.1 Os alumnos, no momento da presentación da matrícula, poderán optar polo pagamento íntegro do importe da súa matrícula ou polo pagamento fraccionado en tres prazos. Este importe poderá aboarse en calquera sucursal da Caixa Galicia, Banco Santander Central-Hispano ou Banco Pastor, ó contado ou mediante a domiciliación bancaria do pagamento.
- 12.5.2. No suposto de pagamento fraccionado o primeiro prazo efectuarase polo importe do 50 % ó matricularse o estudante, o segundo prazo polo importe do 25 % no mes de decembro e o terceiro prazo na primeira quincena de marzo polo restante 25 %
- 12.5.3. Os conceptos de apertura de expediente, tarxeta de identidade e seguro escolar non poderán fraccionarse, liquidándose no primeiro prazo xunto ó 50 % do importe da matrícula.

## **12.6. Confirmación da liquidación da matrícula**

A confirmación de ingresos e conciliación da liquidación da matrícula realizarase de xeito automático entre a entidade bancaria colaboradora e a USC. O alumno non precisa presentar ningún resgardo para xustifica-lo pagamento da matrícula, agás que lle sexa requerido.

## **12.7. Solicitantes de bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes (MECD)**

- 12.7.1 Os alumnos solicitantes de bolsa de estudos poderán apraza-lo pagamento dos prezos de matrícula ata que se resolva o seu pedimento.
- 12.7.2. As solicitudes de bolsa, ou as acreditacións no caso dos que presentaron a solicitude anticipada no mes de marzo, poderán presenta-las nas Unidades de Xestión Académica, Na Sección de Bolsas do Servizo de Axudas e Servizos ó Alumnado, na Vicerexencia do Campus de Lugo ou enviandoas por Correo á Sección de bolsas do Servizo de Axudas e Servizos ó Alumnado. Para a presentación das solicitudes de bolsa ou das acreditacións estarase o que establezan as oportunas convocatorias.
- 12.7.3. Non obstante o disposto no apartado anterior e con independencia da tramitación da solicitude de bolsa, os alumnos que non reúnan os requisitos académicos esixidos polas convocatorias do MECD para o curso 2002/2003, deberán aboalo importe de matrícula, sen prexuízo de que no caso de a a bolsa lle fose concedida, soliciten a devolución dos prezos aboados. En calquera supos-



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

to, os alumnos bolseiros aboarán pola matrícula os importes por apertura de expediente e Tarxeta de Identidade nos termos establecidos no apartado 12.3 e 12.4.

- 12.7.4. Os alumnos que se matriculen como solicitantes de bolsa e posteriormente non presentasen a solicitude, deberán proceder a notificar esta circunstancia na UXA correspondente a fin de liquidar os prezos públicos en concepto de matrícula. Igualmente os alumnos ós que lle sexa denegada a bolsa solicitada deberán proceder igual que no suposto anterior.

## **12.8. Solicitantes de bolsa e bolseiros de Organismos Públicos ou Privados**

No suposto de que o estudante sexa solicitante ou beneficiario dunha bolsa distinta ás referidas no apartado anterior, para acollerse a exención dos prezos públicos por servizos académicos a correspondente convocatoria deberá dicir, explicitamente, que o beneficiario da mesma está exento do pagamento dos prezos públicos e que o organismo ou institución convocante compensará a Universidade polo importe dos ingresos que por este motivo deixa de percibir. De requirírselle, o alumno, deberá manifestar en qué diario oficial ou convenio público ou privado foi publicada a convocatoria da bolsa en cuestión.

## **12.9. Beneficiarios de axudas e subvencións da Universidade**

Os alumnos beneficiarios das axudas ó estudo establecidos pola USC, poderán apraza-lo pago do importe da matrícula ata que non se resolva a axuda ou subvención solicitada. A tales efectos deberán manifestar, o realiza-la matrícula por calquera dos sistemas que ten establecidos a USC, a súa condición de solicitante desta axuda ou subvención sen necesidade de presentación de solicitude. Será a Universidade a que segundo o ó disposto na Resolución que regula estas axudas, envíe os afectados os impresos de solicitude, para a súa cumprimentación, ó enderezo correspondente. Os solicitantes destas axudas deberán aboar os prezos por apertura de expediente e tarxeta de Identidade.

## **12.10. Pagamento de prezos públicos en titulacións propias da USC**

Os estudantes que formalicen matrícula en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos propios de Graduado Superior da Universidade deberán aboa-los prezos públicos que para cada unha delas teña aprobado o Consello Social da Universidade e que se farán públicos mediante a resolución rectoral que desenvolverá dito acordo.

Deberán aboar prezos públicos polos seguintes conceptos:

- 12.10.1 Pola formalización da matrícula en función do número de créditos matriculados.
- 12.10.2 Polos Servizos docentes inherentes a cada crédito matriculado.
- 12.10.3 Pola apertura de expediente académico ó inicio de cada titulación.
- 12.10.4 Pola expedición e mantemento da tarxeta de identidade. No caso de que o estudante estea matriculado nunha titulación oficial da USC, non devengará este prezo.
- 12.10.5 Polo sobre de matrícula.
- 12.10.6 Polo seguro de accidente que os efectos teña contratado a Universidade.

## **12.11. Forma do Pagamento dos prezos públicos das titulacións propias da USC**

Os prezos públicos das titulacións propias aboaranse igual que as titulacións oficiais segundo o establecido na alínea 12.5 desta convocatoria.

## **12.12. Exencións nos prezos públicos das titulacións propias da USC**

Os beneficios que se poidan obter nas titulacións oficiais non poden ser aplicados ás titulacións propias se non se establece explicitamente na convocatoria de matrícula ou nos diferentes procedementos que se regulen, polo que non hai ningún tipo de redución ou exención dos prezos públicos das titulacións propias da USC.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- CONVOCATORIAS DE EXAME**

- 13.1. **Norma xeral.**- A formalización da matrícula de acordo co disposto nesta resolución dá dereito a concorrer a dúas convocatorias de exame, segundo o disposto no apartado 14 das Normas de Xestión Académica.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mica, agás se o número de convocatorias utilizadas polo alumno en cursos anteriores llo impidese. Para os alumnos da facultade de Matemáticas será de aplicación o Acordo da Xunta de Goberno da USC do 28 de febreiro de 2002.

## **13.2. Convocatorias de exame para titulacións renovadas.-** Conforme ó calendario escolar para o curso académico 2002/2003, as convocatorias de exame celebraranse nas seguintes datas:

### **Primeira convocatoria:**

**Materias cuadrimestrais con docencia no primeiro cuatrimestre:** Os exames terán como data límite: 22 de febreiro (sábado) do ano 2003

**Materias cuadrimestrais con docencia no segundo cuatrimestre e materias anuais:** Os exames terán como data límite: 10 de xullo (xoves) do ano 2003.

### **Segunda convocatoria:**

De tódalas materias das titulacións renovadas realizarase entre os días 1 e 19 de setembro de 2003.

## **13.3 Convocatoria de exames "fin de carreira"**

Esta convocatoria terá lugar entre os meses de decembro ou xaneiro nas datas que establezan os centros.

## **13.4. Convocatoria de exame para titulacións non reformadas (planos vellos)**

**Primeira convocatoria (xuño).**- Os exames terán como data límite o día 10 de xullo de 2003

**Segunda convocatoria (setembro).**- Os exames realizaranse entre os días 1 e 19 de setembro do ano 2003

**Convocatoria extraordinaria de exames de febreiro e fin de carreira.**- Os exames das convocatorias extraordinarias de febreiro e fin de carreira das materias dos planos vellos terán lugar nos meses de decembro a febreiro según determinen os centros. É incompatible a concorrencia á convocatoria de exames de fin de carreira coa concorrencia a exames da convocatoria extraordinaria de febreiro.

## **13.5 . Convocatoria de exames para as titulacións propias da USC (Graduado Superior)**

**Os exames** realizaranse en cada convocatoria nas mesmas datas que as titulacións renovadas de carácter oficial.

## **DÉCIMO CUARTA.- LUGARES DE MATRÍCULA**

A matrícula, e calquera petición ou reclamación, realizarase na Unidade de Xestión Académica á que estea adscrita a titulación na que o alumno formalice matrícula.

Os alumnos que continúan estudos nas titulacións impartidas na Universidade poderán matricularse mediante os seguintes sistemas:

- ◆ presencial nas Unidades de Xestión Académica
- ◆ por correo, a franquear en destino utilizando o sobre que se facilita cos impresos de matrícula.
- ◆ depositando a solicitude de matrícula xunto coa documentación correspondente nos lugares que a tal efecto se sinalarán nos centros.
- ◆ Internet a través da páxina web da USC – [www.usc.es](http://www.usc.es)- A tal efecto os centros poñerán a disposición dos alumnos equipos informáticos durante o período de matrícula.

Deberán realiza-la matrícula presencial os colectivos de estudantes que a continuación se relacionan:



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- a) Alumnos de primeiro curso por primeira vez
- b) Acceso a segundos ciclos de titulacións oficiais ou titulacións propias
- c) Traslados de expedientes
- d) Validacións de estudos estranxeiros
- e) Alumnos procedentes doutras Universidades dos programas Erasmus e Sicue
- f) Alumnos que soliciten matrícula extraordinaria
- g) Alumnos que soliciten simultanear estudos.
- h) Alumnos que realicen matrícula de planos vellos suxeitos a Convenio.
- i) Alumnos de planos vellos que soliciten formalizar matrícula ó abeiro da norma 42.3 de xestión académica.
- j) Os que abandonaron estudos antes do curso 1990/91 e pretenden reanudarlos no curso 2002/2003.

## DÉCIMO QUINTA.- DOCUMENTOS

Os alumnos deberán presentar xunto coa solicitude de matrícula, ou cando lle sexan requeridos pola USC, os documentos que se relacionan no Anexo II.

## DÉCIMO SEXTA.- INCOMPATIBILIDADES ACADÉMICAS E HORARIAS

- 16.1. A matrícula que formalicen os alumnos entenderase feita sen prexuízo das incompatibilidades de exame establecidas entre as distintas disciplinas.  
O dereito de avaliación correspondente as materias matriculadas quedará limitado polas incompatibilidades académicas que os planos de estudo establezan.
- 16.2. En calquera caso, o exercicio do dereito de matrícula establecido nesta norma non obrigará a modificación do réxime de horarios xerais determinado en cada Centro e para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo.

## DÉCIMO SÉTIMA.- EFECTOS DA INSCRICIÓN

A matrícula realizada de acordo con estas normas supón:

- 1) O dereito e o deber de asistencia as clases teóricas e prácticas de cada materia, así como a realización dos traballos complementarios adecuados.
- 2) O dereito a ser cualificado en dúas convocatorias das que regulamentariamente se celebren durante o curso académico derivadas dos programas de estudos.

De acordo co artigo 113.3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con carácter singular e para casos específicos, a Xunta do Centro poderá concederla dispensa de asistencia e clases teóricas.

## DECIMO OCTAVA.- EXECUCIÓN DA CONVOCATORIA

A programación e o desenvolvemento normal das actividades docentes e o cumprimento dos prazos indicados nesta convocatoria, vinculan do mesmo modo os alumnos destinatarios como a propia Universidade, a través de tódolos seus órganos, polo que se prega o cumprimento de tódalas prescricións contidas na mesma.



**DECIMO NOVENA .- RESOLUCIÓNS DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS. TRAMITACIÓN DE QUEIXAS**

19.1 As Resolucións Rectorais que resolvan reclamacións ou recursos interpostos polos alumnos desta Universidade en asuntos relativos á matrícula do curso académico 2002/2003 resolveranse ó abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

19.2 O alumnado poderá presentar queixas ou reclamacións con respecto ó funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC. A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora de Procedementos será a responsable da tramitación e da xestión do Libro de Queixas que estará a disposición dos usuarios nos Centros e Servizos da USC.

**VIXÉSIMA .- CAMBIOS, MODIFICACIÓNS DE MATRÍCULA E DESISTENCIA DA MATRÍCULA**

**20.1. Cambios de matrícula**

Os cambios de matrícula entre titulacións da Universidade de Santiago, cando supoñan o cambio entre titulacións sen límite de prazos ou dunha con límite a outra sen límite, e que non contraveñan o disposto na presente convocatoria ou nos Acordos ou resolucións do réxime do alumnado, serán resoltas polos xefes das Unidades de Xestión Académica sempre que as mesmas se soliciten nos prazos de matrícula.

**20.2. Desistencia e modificación de matrícula**

Os alumnos poderán solicita-la desistencia ou modificación da matrícula consonte ó que a seguir se dispón:

**20.2.1 Con carácter xeral:**

a) Desistencia total, e modificación parcial da matrícula, entendendo por isto último calquera cambio ou desistencia de materias, realizarase dende o 15 de novembro ó 15 de decembro.

b) Modificacións de materias cuadrimestrais do segundo cuadrimestre, do 1 de marzo ata o 31 de marzo. A modificación de matrícula enténdese para estes efectos como a substitución dunha materia por outra, ou por materias cun número de créditos equivalente. Estas novas materias teñen que ser elixidas entre as que estiveran en condicións de matricular no período de matriculación. A desistencia e mailas modificacións aceptaranse de cheo.

**20.2.2 Modificacións particulares:**

Aceptarase en calquera momento a modificación de matrícula polas seguintes causas:

a) Ampliación de materias co obxecto de que o alumno poida beneficiarse de bolsas convocados polo MEC, a Xunta de Galicia, a Universidade ou calquera outro organismo oficial.

b) Resolución de adaptación ou validación sempre que se tivese solicitado no período ordinario de matrícula. Contra a resolución de adaptación ou validación o alumno deberá formaliza-la matrícula no prazo que se lle indique na resolución de adaptación ou validación, con independencia da presentación ou non do recurso potestativo de reposición. Esta modificación de matrícula en ningún caso supón a posibilidade da anulación total da mesma. Asemade non se admitirá a ampliación de matrícula en materias que tivesen realizado a primeira convocatoria ordinaria de exame.

c) Selección de alumnos para a realización de prácticas en empresas, traballos academicamente dirixidos ou traballos de campo, despois de ter formalizada a matrícula e sempre que non se tivesen presentado o exame das materias que pretenda anular ou modifica-la matrícula. A solicitude de modificación de matrícula deberá realizarse nos dez días seguintes á formalización da matrícula ou a incorporación para a realización das prácticas en Empresas.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- d) Nos supostos de concorrencia horaria, sexa nas clases teóricas ou nas prácticas, entre as materias do plano de estudio que está a realiza-lo alumno e as materias de libre elección que se imparten noutras titulacións, no prazo de 30 días dende que empezaron as clases das materias afectadas.
- e) Admitirase esta modificación de matrícula no suposto de modificación dos horarios respecto ós cales o alumno formalizou matrícula.
- f) Procederá a modificación ou anulación da matrícula naqueles casos en que as situacións académicas e persoais, tales como enfermidade grave, sexan así estimadas polo órgano competente.

## VIXÉSIMO PRIMEIRA.- DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA

O Rectorado poderá dicta-las Instrucións pertinentes para desenvolver ou interpreta-la presente convocatoria ou calquera outro acordo ou resolución do réxime do alumnado.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.-** Modifícase a norma 7.1 da resolución rectoral do 1 de xullo pola que se establece a convocatoria de matrícula en materias de libre configuración para o curso 2002-2003 que quedará: *"7.1. A matrícula nas materias adxudicadas nas dúas primeiras fases A e B efectuarase co resto das materias da propia titulación entre o 16 de setembro e o 16 de outubro. A matrícula nas materias adxudicadas na derradeira convocatoria (fase C) efectuarase do 27 de febreiro ó 3 de marzo."*

Santiago de Compostela, a 15 de xullo de 2002

O RECTOR



  
Senén Barro Ameneiro

SRS. VICERRECTORES, SR. SECRETARIO XERAL, SRS/AS. DECANOS/AS E DIRECTORES DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SR. XERENTE, SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO, SRA. XEFA DA ASESORIA XURÍDICA, SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA, SRA. XEFA DO SERVICIO DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA, SR. XEFE DO SERVICIO DE AXUDAS E SERVICIOS Ó ALUMNADO, SRS/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA, SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS, SR. XEFE DO SERVICIO DE CONTABILIDADE E PRESUSPOSTOS, SRA. XEFA DO SERVICIO DE CONTROL INTERNO.



## **PRAZOS DE MATRÍCULA PARA O CURSO 2002/2003**

### **I.- MATRÍCULA NO PRIMEIRO CURSO**

#### **A. TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS**

1.- Primeira convocatoria. - O 22, 23, 24 e 26 de xullo.

2.- Segunda e seguintes convocatorias. - Realizaranse convocatorias semanais, dende o 2 de setembro, consonte ó que determine a CIUG. Estes alumnos matricularanse nas Unidades de Xestión Académica.

#### **B. TITULACIÓNS SEN LÍMITE DE PRAZAS**

O prazo de matrícula será do 22 de xullo ó 16 de outubro (agás o mes de agosto).

### **II.- MATRÍCULA EN TITULACIÓNS OFICIAIS E PROPIAS DE SEGUNDO CICLO, OU 2ºS CICLOS DENDE OUTRA TITULACIÓN**

1.- Se estiveran sometidas a limitación de prazas. - A matrícula realizarase nos prazos que establezan as sucesivas convocatorias que resolvan o procedemento. A primeira convocatoria de matrícula realizarase do 10 ó 12 de setembro facendo chamamentos semanais ata cubrir todas as prazas vacantes.

2.- Se non estiveran sometidos a limitación de prazas. - A matrícula poderá realizarse en calquera dos prazos que se establecen para a continuación de estudos do 16 de setembro ó 16 de outubro (agás o mes de agosto).

### **III.- MATRÍCULA PARA A CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS**

O prazo de matrícula será do 16 de setembro ó 16 de outubro.

Formas de realiza-la matrícula:

- Por correo a franquear en destino
- Depositando o sobre no Centro nos lugares indicados para este fin.
- Internet (solicitud na páxina web da USC –[www.usc.es](http://www.usc.es)-).
- Presencial nas UXAS de 9 a 14 horas.

### **IV.- INSCRIPCIÓN NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE EXAMES PARA ALUMNOS QUE SE ATOPEN EN CONDICIÓN DE CONCORRER A CONVOCATORIA “FIN DE CARREIRA”**

Planos non renovados (vellos) e planos renovados coa matrícula ordinaria ata o 30 de novembro segundo establece a alínea 8.7 desta convocatoria.

### **V.- MATRÍCULA “FIN DE CARREIRA” E ADAPTACIÓN DA CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA PARA ALUMNOS DE PLANOS RENOVADOS**

Os alumnos que se atopen nas condicións que se establecen na alínea oitava da presente convocatoria poderán formaliza-la matrícula do 21 ó 24 de xullo de 2003.



## **VI.- INSCRICIÓN NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE EXAMES PARA PLANOS NON RENOVADOS (febreiro)**

Igual que a Convocatoria "fin de carreira" para planos non renovados (vellos) e planos renovados coa matrícula ordinaria ata o **30 de novembro do 2002**, segundo establece a alínea 9.7 desta convocatoria.

## **VII.- MATRÍCULA PARA A COLACIÓN DO GRAO**

1.- Modalidade de exame.- Do 1 ó 15 de outubro.

2.- Modalidade de traballo de investigación.- En calquera momento ó longo do curso, debendo acreditar mediante certificación que reúne os requisitos e que ten depositados os exemplares na Secretaría do Centro.

## **VIII.- INSCRICIÓN PARA O PREMIO EXTRAORDINARIO**

Deberá solicitarse entre o 16 e o 30 de novembro.

## **IX.- PROBA DE CONXUNTO. MATRÍCULA E EXAMES**

### 1.- CONVOCATORIA DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE.

Matrícula: do 13 ó 17 de xaneiro.

Exames: do 10 ó 21 de febreiro

### 2.- CONVOCATORIA DE XUÑO

Matrícula: do 30 de abril ó 4 de maio

Exames: do 4 ó 15 de xuño.

### 3.- CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Matrícula: do 1 ó 5 de setembro

Exames: do 5 ó 16 de setembro.

## **X.- INSCRICIÓN PARA A REALIZACIÓN DE EXAMES Ó ABEIRO DOS CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES DA CORUÑA E VIGO.**

A solicitude presentarase nos seguintes prazos:

- a) No período ordinario de MATRÍCULA.
- b) Trala convocatoria de exames do primeiro cuadrimestre: entre o 15 e o 30 de marzo.
- c) Trala convocatoria de xuño: entre o 15 e o 30 de xullo



## 1.- DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE DE MATRÍCULA

### Alumnos que inicien estudos

- \* Solicitud de matrícula.
- \* Certificación das Probas de Acceso a Universidade ou título habilitante para o acceso á Universidade.

### Alumnos que continúen estudos.

- \* Solicitud de matrícula.

### Alumnos trasladados.

Ademais da documentación xeral, resgardo de ter aboados os prezos de traslado na Universidade de orixe.

## 2.- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA GRATUIDADE, EXENCIÓN OU REDUCCIÓN DOS PREZOS DA MATRÍCULA

Se fora preciso, por ter concedidos os beneficios de gratuidade, exención ou redución de taxas académicas algún dos seguintes documentos:

- a) Para os beneficiarios do réxime de protección ás familias numerosas de primeira, segunda, e de honra: FOTOCOPIA DO TÍTULO DE BENEFICIARIO, só no caso de que non o tivese entregado, ou de te-lo entregado que estivese caducado nas datas da matrícula, e non entregase copia da renovación actualizada. En caso de necesidade deberá presentarse o documento orixinal do que debe deixar constancia o funcionario que efectúe a matrícula.

No caso de que esta documentación figure actualizada no expediente do alumno non hai que entregala. Asemade, de non entregarse no momento da matrícula poderá facerse con posterioridade ou ser requerida pola Universidade de Santiago de Compostela.

O título de familia numerosa deberá ser eficaz ata o período de cambios desistencia ou modificación da matrícula dende o 22 de xullo ata o 15 de decembro. De non ter expedido o Título de Familia Numerosa, a solicitude de expedición ou renovación deberá ser en todo caso previa ó último día do prazo de modificación de matrícula (15 de decembro).

- b) Para os solicitantes de bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes: A Universidade de Santiago de Compostela realizará os controlos necesarios para a comprobación de datos sen necesidade de presentación do documento acreditativo do alumno. En todo caso, os alumnos que solicitaron a bolsa na convocatoria anticipada, deberán entregar a acreditación correspondente, de se-lo caso, nas Unidades de Xestión Académica ou na Sección de Bolsas.
- c) Para os beneficiarios de axudas ó estudio diferentes ás da convocatoria xeral do MEC, documento que acredite que se lle concedeu tal axuda para o curso académico 2001/2002, ou de non telo, (con carácter provisorio), presentación do resgardo de solicitude da axuda sempre que a convocatoria pola que se concede a bolsa estableza a posterior compensación de prezos á Universidade.

En calquera caso aqueles ós que se lles denegue a axuda deben aboa-lo importe da matrícula aínda que comezasen ou comecen o trámite das reclamacións pertinentes.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- d) Para os que obtivesen a cualificación de matrícula de honra en algunha materia durante o curso académico anterior non se esixirá documentación algunha, debéndose constatar nas actas ou no expediente do alumno.
- e) Para os alumnos que acadaran Matrícula de Honra no COU, ou no segundo curso do Bacharelato LOX-SE a certificación do Centro en tal sentido ou ben fotocopia cotexada polos xefes de división das Unidades de Xestión Académica á vista do Libro de Escolaridade.

## **3.- ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS QUE SE MATRICULEN POR PRIMEIRA VEZ EN PRIMEIRO CURSO**

- 1.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- 2.- O documento que corresponda segundo o título ou probas que habiliten ó alumno para iniciar estudos directamente en Centros universitarios. Estes documentos especificanse nos anexos III.

## **4.- ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS PROCEDENTES DOUTRAS UNIVERSIDADES**

- a) Xustificantes de que foron admitidos para iniciar ou continuar estudos nesta Universidade e resguardo de que se aboaron os dereitos de traslado de expediente.
- b) No caso de que veñan continúa-los estudos xa iniciados noutra ou outras universidades presentarán, se non o fixeron no momento da solicitude de admisión, fotocopia da certificación académica nos que estivese matriculado.

## **5.- ALUMNOS QUE SUPERASEN AS PROBAS NO CURSO 1994-95 OU ANTERIORES**

Os alumnos que inicien estudos nun Centro e superasen as probas de acceso á Universidade (ou titulación equivalente) antes do curso 1994-95, deben presentar Certificación Académica Persoal dos posibles estudos universitarios realizados anteriormente ou, de se-lo caso, declaración xurada de non estar matriculados antes noutra titulación universitaria.



**TÍTULOS ACADÉMICOS OU PROBAS QUE HABILITAN PARA MATRICULARSE DIRECTAMENTE EN FACULTADES, ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES E COLEXIOS UNIVERSITARIOS.**

- Enxeñeiros Técnicos e Arquitectos Técnicos.- fotocopia compulsada do título ou ben, no seu defecto, resgardo acreditativo, expedido pola Escola universitaria correspondente, de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- Bachareles xerais e Técnicos Superiores
- PROGRAMAS DE ESTUDIOS DE 1934 E 1938: Fotocopia compulsada do título
- PROGRAMAS POSTERIORES:
  - a) Alumnos do curso preuniversitario: fotocopia compulsada da dilixencia do Libro Escolar de ter superadas as probas de madurez do dito curso.
  - b) Bachareles Técnicos Superiores: Resgardo de ter solicitada a certificación de que superou o exame de madurez.
  - c) Alumnos do Curso de Orientación universitaria, posteriores ó curso 1974-75: fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que ten superadas as probas de aptitude para o acceso ás Facultades, Escolas técnicas Superiores e Colexios Universitarios.
  - d) Alumnos do Curso de Orientación Universitaria anteriores ó curso 1974-75: fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que se acadou avaliación global positiva no COU.

Tódolos alumnos citados deberán, ademais, presentar resgardo de ter aboadas as taxas para a expedición do título de Bacharel.

- Probas de acceso á Universidade - fotocopia compulsada da tarxeta na que figure telas superadas e a cualificación definitiva das mesmas.
- Validación de estudos realizados no estranxeiro.- os españois e estranxeiros que realizasen estudos validables do Bacharelato e do COU e teñan aprobadas as probas de acceso á Universidade deberán presentar:
  - a) Resgardo acreditativo de ter promovida a validación dos seus estudos polos equivalentes españois.
  - b) Fotocopia da tarxeta de inscrición na que conste que superaron as probas de aptitude para o acceso ás Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Colexios universitarios, compulsada polo Instituto de Bacharelato nos que previamente legalizaron a súa situación académico-administrativa.

Os que superaron as ditas probas de aptitude a traves da UNED e que xustifiquen a residencia do seus pais no estranxeiro poderán ter unha praza Escolar para iniciar estudos nesta Universidade sempre que o relacionasen ó face-la inscrición nas probas.

- Diplomados polas Escolas Universitarias.- fotocopia do título debidamente compulsado polo Centro no que realizou os seus estudos, ou no seu defecto, resgardo acreditativo de ter aboados os dereitos para a súa expedición.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Graduados Sociais.- fotocopias compulsadas do título ou resgardo de ter aboadas as taxas para a súa expedición.
- Licenciados por Facultades Universitarias e titulados de Escolas Técnicas Superiores.- fotocopias compulsadas do título ou resgardo de ter aboadas as taxas para a súa expedición.
- Mestres de ensino primario.- os do plano de 1950 e anteriores, copia do título ó face-la inscrición nas Facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Filosofía e Ciencias da educación; para as outras Facultades, ademais, o certificado de ter superado o exame de ingreso.
- Os do plano de 1967, teñen acceso a tódalas Facultades, deben presentar unha copia compulsada do título.
- Oficiais da Forzas Armadas.- certificación académica persoal que acredite que superaron os estudos regulares nas academias xeral militar, ou especiais da armada: Escola Naval Militar e a Academia Xeral do Aire.
- Profesores Mercantis.- fotocopia compulsada do título respectivo.
- Probas de acceso para maiores de 25 anos.- certificado de ter superadas as probas de acceso na Universidade de Santiago.
- Titulados por Escolas Técnicas de grao medio.- fotocopia compulsada do título correspondente.
- Titulados por Escolas oficiais de Náutica e Máquina.- fotocopia compulsada do título expedido pola Subsecretaría da mariña mercante do Ministerio de Comercio, relativos ás seguintes titulacións: Capitán de mariña mercante, Maquinista Naval Xefe; Oficial de primeira clase do Servizo Radioeléctrico da Mariña Mercante; Pilotos de segunda clase da Mariña Mercante, oficiais de Máquinas de segunda clase da Mariña Mercante e Oficiais de segunda clase do Servizo Radioeléctrico da Mariña Mercante sempre que uns e outros obtivesen a formación completa que se determina no Decreto 1439/1975 do 26 de xullo (BOE do 3 de xullo)
- Titulados de Técnicos de empresas e actividades turísticas, obtido consoante ó plano de estudos establecido pola orde ministerial do 29 de outubro de 1980 e orde ministerial do 22 de marzo de 1983.
- Títulos superiores de música e danza , para os que teñan superado o grao superior. (Art. 42. 3 LOGSE) ( Título equivalente ó Licenciado Universitario)
- Título superior de Arte Dramático ( Art. 45.1 LOGSE) ( Título equivalente ó Licenciado Universitario)
- Titulados en Conservacion e Restauracións de Bens Culturais. ( Art. 49,1 LOXSE).( Título equivalente ó Diplomado Universitario)
- Titulados en Diseño ( Art. 49,1 LOGSE) .( Título equivalente ó Diplomado Universitario).
- Titulados de nivel universitario en Ciencias Eclesiásticas RD 3/1995 do 13 de xaneiro

## **HABILITAN PARA A MATRÍCULA EN ESCOLAS UNIVERSITARIAS OU EN FACULTADES**

- Titulados de Formación Profesional de segundo grao.- pode acceder ós estudos conducentes ó título de Diplomado ou Enxeñeiro Técnico segundo o establecido nas ordes do 31 de xullo de 1992 (BOE do 25 de agosto), 2 de novembro de 1992 (BOE do 11) e do 20 de maio de 1993 (BOE do 25 de maio).



### **HABILITAN PARA A MATRÍCULA EN ESCOLAS UNIVERSITARIAS**

- Os Bachareis Superiores (xerais e Técnicos ) co curso de Orientación universitaria.
- Peritos Mercantís, exclusivamente para as Escolas Universitarias de estudos empresariais.- fotocopia do título debidamente compulsada pola Escola respectiva.
- Mestres Industriais, que superasen as probas de reválida, exclusivamente para seguir estudos nas Escolas Universitarias de Enxeñería Técnica e Arquitectura Técnica.- fotocopia do título, debidamente compulsada.

## **ANEXO IV**

### **TITULACIÓNS QUE HABILITAN PARA MATRICULARSE NAS TITULACIÓNS PROPIAS**

#### **• GRADUADO SUPERIOR EN XERONTOLOXÍA**

Ciencias Experimentais e da Saúde: 1º ciclo de calquera titulación

Ciencias Sociais e Xurídicas: 1º ciclo de calquera titulación

Área Humanidades: 1º ciclo de Filosofía, Humanidades, Xeografía, Antropoloxía Social e Cultural.

Ensinanzas Técnicas: Arquitectura Técnica, Enx.Téc, en Informática de Sistemas, Enx. Téc. en Informática de Xestión, 1º ciclo de Arquitectura.

#### **• GRADUADO SUPERIOR EN ENXEÑERÍA AMBIENTAL**

Ciencias Experimentais e da Saúde

Ensinanzas Técnicas

(As prazas adxudícaranse coa seguinte prelación: en primeiro lugar ós Licenciados e Enxeñeiros, en 2º lugar os Enx. Técnicos; de resultar vacantes adxudícaríanse entre os alumnos cun 1º ciclo superado; en último lugar aqueles Enxeñeiros Técnicos ós que só lles reste presentar o proxecto de fin de carreira. Estes alumnos deberán acreditar a superación do dito proxecto antes do 31 de outubro).

#### **• GRADUADO SUPERIOR EN TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS**

Enx. Técnicos ou primeiro ciclo dunha Enx. Superior e primeiros ciclos das licenciaturas en Física, Matemáticas ou Ciencias e Técnicas Estatísticas.

Diplomados ou cun primeiro ciclo de calquera titulación da área de Ciencias Experimentais e das titulacións de Empresariais, Ciencias Actuariais e Financeiras, Biblioteconomía, e Documentación, Ciencias da Información, Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Arquitectura, Estudos Empresariais, Xestión e Administración Pública, Arquitectura Técnica.

Calquera outro primeiro ciclo ou diplomatura

#### **• GRADUADO SUPERIOR EN BIOTECNOLOXÍA**

Licenciados en Bioloxía, Química, Farmacia, Veterinaria, Medicina, CC.do Mar, Ciencias Ambientais e os Inxeñeiros Agrónomos, de Montes e Químicos